



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ARG	Artes gráficas	CMARG01	Impresión gráfica	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0883	Impresión en baixorrelevo	2025/2026	0	107	0
MP0883_12	Impresión en rotogravado	2025/2026	0	37	0
MP0883_22	Impresión tampográfica	2025/2026	0	70	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CELIA MARÍA LÓPEZ SOTO,SARA CALVETE LORENZO (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0883_12) RA1 - Regula o corpo impresor da máquina de rotogravado, distinguindo os seus elementos (cilindro gravado, cilindro de presión e sistema de tintaxe)
(MP0883_22) RA1 - Prepara e regula a máquina de tampografía, recoñecendo a forma impresora e elixindo os tampóns, a base portaobxectos e as tintas máis adecuadas

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0883_12) CA1.1 Colocáronse na máquina os cilindros gravados correspondentes ao traballo que se vaia realizar e na orde indicada
(MP0883_22) CA1.1 Instaláronse as formas impresoras na máquina e actuouse sobre os elementos de fixación
(MP0883_22) CA1.2 Identificáronse os tampóns adecuados en tamaño, forma, dureza e tipo de impresión
(MP0883_22) CA1.3 Seleccionouse e preparouse o molde portaobxectos, atendendo ás características e ao formato do obxecto que se vaia imprimir
(MP0883_22) CA1.4 Preparáronse as tintas cos aditivos adecuados para obter as condicións de viscosidade, transferencia e tempo de secado
(MP0883_22) CA1.5 Valorouse e corrixiuse a tintaxe e a limpeza uniforme da forma impresora
(MP0883_22) CA1.6 Aplicouse o método de regulación da rasqueta e a contrarrasqueta na tintaxe aberta
(MP0883_22) CA1.7 Realizáronse as operacións de manexo e acondicionamento das tintas utilizando os equipamentos de protección individual necesarios e clasificando os residuos nos seus contedores específicos



2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0883_12) RA1 - Regula o corpo impresor da máquina de rotogravado, distinguindo os seus elementos (cilindro gravado, cilindro de presión e sistema de tintaxe)
(MP0883_22) RA1 - Prepara e regula a máquina de tampografía, recoñecendo a forma impresora e elixindo os tampóns, a base portaobxectos e as tintas máis adecuadas
(MP0883_12) RA2 - Realiza o rexistro e a entoación do impreso en rotogravado, relacionando a posición correcta da imaxe sobre o soporte coa cantidade de tinta transmitida ao impreso
(MP0883_22) RA2 - Realiza a tiraxe en tampografía, analizando as calidades da proba impresa ok
(MP0883_12) RA3 - Realiza a tiraxe en rotogravado, describindo os defectos de impresión
(MP0883_22) RA3 - Realiza a limpeza e o mantemento preventivo da máquina de tampografía, identificando a documentación técnica e aplicando as medidas de seguridade e protección previstas no plan de prevención de riscos e protección ambiental

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0883_22) CA1.1 Instaláronse as formas impresoras na máquina e actuouse sobre os elementos de fixación
(MP0883_12) CA1.2 Identificouse a dureza do cilindro de presión máis adecuado ao soporte que se vaia imprimir
(MP0883_22) CA1.2 Identifícaronse os tampóns adecuados en tamaño, forma, dureza e tipo de impresión
(MP0883_12) CA1.3 Calculouse a presión do cilindro de presión correspondente ao soporte que se vaia imprimir
(MP0883_22) CA1.3 Seleccionouse e preparouse o molde portaobxectos, atendendo ás características e ao formato do obxecto que se vaia imprimir
(MP0883_12) CA1.4 Axustouse a posición horizontal, vertical e angular, así como o desprazamento lateral da coitela do portacoitelas
(MP0883_22) CA1.4 Preparáronse as tintas cos aditivos adecuados para obter as condicións de viscosidade, transferencia e tempo de secado
(MP0883_12) CA1.5 Establecéronse os métodos de preparación do difusor de tinta e das características reolóxicas das tintas que se vaian utilizar



Criterios de avaliación do currículo
(MP0883_22) CA1.5 Valorouse e corrixiuse a tintaxe e a limpeza uniforme da forma impresora
(MP0883_12) CA1.6 Establecéronse a presión e o ángulo de inclinación da coitela adecuados para o tipo de impresión indicada
(MP0883_22) CA1.6 Aplicouse o método de regulación da rasqueta e a contrarrasqueta na tintaxe aberta
(MP0883_12) CA1.7 Determinouse a temperatura do forno de secado segundo a velocidade de impresión e o soporte que se vaia imprimir
(MP0883_22) CA1.7 Realizáronse as operacións de manexo e acondicionamento das tintas utilizando os equipamentos de protección individual necesarios e clasificando os residuos nos seus contedores específicos
(MP0883_12) CA2.1 Identificouse e corrixiuse no impreso tanto a altura das imaxes como o rexistro circunferencial e axial
(MP0883_22) CA2.1 Identificáronse as características técnicas do impreso ok (condicións da cor e rexistro e ausencia de defectos) en tampografía
(MP0883_12) CA2.2 Actuouse sobre o desprazamento do cilindro gravado e/ou sobre os roletes oscilantes para conseguir o rexistro exacto
(MP0883_22) CA2.2 Analizáronse as variacións tonais mediante o uso do colorímetro e aplicando as tolerancias do delta E das coordenadas lab en tampografía
(MP0883_12) CA2.3 Aplicáronse os valores densitométricos e colorimétricos en rotogravado
(MP0883_22) CA2.3 Detectáronse e corrixióronse as variacións tonais mediante o uso do densitómetro, non superando as tolerancias en densidade da masa, ganancia de estampaxe, contraste de impresión e trapping en tampografía
(MP0883_12) CA2.4 Identificouse e corrixiuse, de ser o caso, a densidade da capa de tinta defectuosa sobre o soporte
(MP0883_22) CA2.4 Deducíronse os defectos de secado e adherencia da tinta mediante o test de imprimabilidade en tampografía
(MP0883_12) CA2.5 Regulouse a transferencia de tinta, actuando sobre a presión entre cilindros
(MP0883_22) CA2.5 Detectáronse e corrixióronse os defectos característicos da impresión en tampografía (electricidade estática e deformación da imaxe)
(MP0883_12) CA2.6 Comprobouse e corrixiuse o secado da tinta, regulando a dosificación dos diluentes, acelerantes e retardantes
(MP0883_22) CA2.6 Estableceuse a velocidade da máquina e a temperatura do caudal de aire do secador para controlar o proceso de secado durante a produción en tampografía
(MP0883_22) CA2.7 Estimouse o método e a frecuencia de mostraxe dos impresos da produción en tampografía



ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Criterios de avaliación do currículo
(MP0883_12) CA3.1 Identificáronse as características técnicas do prego ok en rotogravado (condicións da cor e rexistro e ausencia de defectos)
(MP0883_22) CA3.1 Retiráronse da máquina e limpáronse os tinteiros, os fotopolímeros e os tampóns utilizando os produtos adecuados, ao finalizar a tiraxe
(MP0883_12) CA3.2 Detectáronse e corrixióronse as variacións tonais mediante o uso do colorímetro e aplicando as tolerancias do delta E das coordenadas lab en rotogravado
(MP0883_22) CA3.2 Utilizáronse os equipamentos de protección individual durante as operacións de limpeza e mantemento
(MP0883_12) CA3.3 Detectáronse e corrixióronse as variacións tonais mediante o uso do densitómetro, non superando as tolerancias en densidade da masa, ganancia de estampaxe, contraste de impresión e trapping en rotogravado
(MP0883_22) CA3.3 Limpáronse os compoñentes fixos da máquina, utilizando os produtos adecuados
(MP0883_12) CA3.4 Deducíronse os defectos de secado e adherencia da tinta mediante o test de imprimabilidade en rotogravado
(MP0883_22) CA3.4 Contrastouse o correcto funcionamento dos dispositivos de seguridade da máquina
(MP0883_12) CA3.5 Detectáronse e corrixióronse os defectos característicos da impresión en rotogravado (raias, perda de punto, etc.)
(MP0883_22) CA3.5 Lubricáronse os elementos móbiles especificados no manual de mantemento
(MP0883_12) CA3.6 Estableceuse a velocidade da máquina, a temperatura dos fornos e o caudal de aire para controlar o proceso de secado durante a produción en rotogravado
(MP0883_22) CA3.6 Verificáronse e notificáronse as anomalías dos circuítos pneumáticos, seguindo o manual de mantemento
(MP0883_12) CA3.7 Estimouse o método e a frecuencia de mostraxe dos impresos da produción en rotogravado
(MP0883_22) CA3.7 Clasificáronse nos contedores correspondentes os residuos industriais xerados no proceso produtivo
(MP0883_22) CA3.8 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os utensilios e as máquinas que se utilizan na impresión en baixorrelevo



3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles para alcanzar a avaliación pódense resumir en:

Dominar os principios de funcionamento e os elementos que compoñen os sistemas de ocogravado.

Coñecer o funcionamento da tirada en ocogravado, e os elementos de control da mesma.

Dominar os principios de funcionamento e os elementos que compoñen os sistemas de impresión tampográfica

Coñecer como sería a tirada en tampografía e os elementos de control da mesma.

Saber aplicar no taller os coñecementos de tampografía (facer, de forma autónoma, unha pequena tirada de tampografía cunha máquina), así como dominar as operacións de preparación, limpeza e mantemento da máquina tampográfica.

Preparar e regular a máquina de tampografía, recoñecendo a forma impresora e elixindo os tampóns, a base portaobxectos e as tintas máis adecuadas

Realizar a tiraxe en tampografía, analizando as calidades da proba impresa ok

Realizar a limpeza e o mantemento preventivo da máquina de tampografía, identificando a documentación técnica e aplicando as medidas de seguridade e protección previstas no plan de prevención de riscos e protección ambiental.

Criterios de cualificación:

Se fará media das dúas probas para a puntuación final que será cualificada de 0 a 10 puntos. Debendo obter un 5 para acadar o aprobado.

- 50% Primeira proba

- 50% Segunda proba

Para facer media se deberá ter aprobada cada unha das probas. Debendo obter un 5 para acadar o aprobado.

Para acceder á segunda proba terase que ter superada a primeira proba.

Criterios de corrección:

Evaluaráanse de 0 a 10 puntos cada unha das probas.

Nos propios exames teóricos e prácticos se indicará o valor de cada pregunta/exercicio práctico.



4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba será unha proba escrita sobre a parte teórica que poderá incluír cuestións tipo test, preguntas curtas ou preguntas máis extensas.

O aprobado será de como mínimo un 5.

A proba terá unha duración prevista de 60 minutos

A nota mínima a obter nesta proba para poder acceder a segunda parte (fase práctica) é de 5 puntos na escala 0 a 10 puntos. De non darse o caso, a nota final será a obtida nesta proba.

O alumno deberá traer bolígrafo azul, lápiz, goma de borrar, regla, calculadora e outro material que considere oportuno para o desenvolvemento dunha proba escrita. Para o uso doutro material o alumno deberá consultar co profesor antes do seu uso. De usar outro material sin autorización, poderá quedar excluído da proba.

Salvo causas xustificadas non se poderá acceder ao exame unha vez comezado o mesmo. Non se poderá entregar o exame ata pasados 30 minutos do comezo de este.

4.b) Segunda parte da proba

A segunda parte consistirá na impresión por tampografía no taller dunha tirada de produtos indicados polo profesor.

Avaliarase tendo en conta os resultados de aprendizaxe:

Prepara e regula a máquina de tampografía, recoñecendo a forma impresora e elixindo os tampóns, a base portaobxectos e as tintas máis adecuadas

Realiza a tiraxe en tampografía, analizando as calidades da proba impresa ok

Realiza a limpeza e o mantemento preventivo da máquina de tampografía, identificando a documentación técnica e aplicando as medidas de seguridade e protección previstas no plan de prevención de riscos e protección ambiental.

E avaliarase o seguinte:

- O procedemento de traballo: O alumno deberá demostrar a súa habilidade para rematar con éxito, de xeito seguro, a tirada solicitada polo profesor. Dende o deseño, que lle aportará o profesor, ao produto impreso final, deixando a máquina perfectamente limpa e lista para outro uso.

En previsión dunha potencial lesión, o profesor poderá interrompír a segunda proba en calquera momento si considera que as condicións de traballo non son seguras. Neste caso o alumno será cualificado como non apto.

- O traballo final feito. Terá que ser un traballo feito dacordo coas especificacións indicadas

Para a realización desta proba o alumno poderá contar, en momentos de necesidade, coa axuda do propio profesor como auxiliar. Pero terá que ser o alumno o que lle asigne o traballo (simplemente fará o que lle mande, sen aportar coñecementos, como un apoio á manipulación da máquina).



A proba terá unha duración prevista de 180 minutos.

O aprobado será de como mínimo un 5.